



Guía Docente

Datos Identificativos					2021/22
Asignatura (*)	Informática Básica	Código	760G01005		
Titulación	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (Ferrol)				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Non presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Empresa				
Coordinación	Enriquez Díaz, Joaquín	Correo electrónico	joaquin.enriquez@udc.es		
Profesorado	Anido Martinez, Cristina	Correo electrónico	cristina.anido@udc.es		
	Enriquez Díaz, Joaquín		joaquin.enriquez@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Trataranse diversos bloques temáticos orientados a que o alumno coñeza e manexe sistemas de información, aplicacións de procesamento de texto, follas de cálculo, bases de datos, presentacións e ferramentas colaborativas e de xestión de tarefas entre outras.				
Plan de contingencia	1. Modificacións nos contidos ? Non se realizarán cambios 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen ? Non se realizarán cambios *Metodoloxías docentes que se modifican ? Non se realizarán cambios 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado ? Non se realizarán cambios 4. Modificacións na avaliación ? Non se realizarán cambios *Observacións de avaliación: ? Non se realizarán cambios 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía ? Non se realizarán cambios				

Competencias do título

Código	Competencias do título
A10	Organización e dirección de empresas.
A13	Transmitir e comunicarse por escrito e oralmente usando a terminoloxía e as técnicas adecuadas.
A31	Aplicar os coñecementos á práctica.
B2	Capacidade de análise e síntese.
B3	Capacidade de organización e planificación.
B4	Capacidade de xestión da información.
B8	Razoamento crítico.
B9	Traballo en equipos.



B12	Motivación para a calidade.
B13	Adaptación a novas situacións.
B14	Aprendizaxe autónomo.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Coñecer os conceptos básicos dos sistemas de información	A10 A13 A31	B4 B9 B14	C1 C3
Elaborar distintos tipos de documentos en procesadores de texto	A10 A31	B2 B3 B8 B12	C1 C3
Elaborar distintos tipos de documentos en follas de cálculo		B13	C1 C3
Crear bases de datos	A10	B9 B14	C1 C3
Xestionar a empresa empregando software específico	A10	B3 B4 B8 B12	C1 C3
Coñecer a biblioteca informática		B4	

Contidos	
Temas	Subtemas
Introdución aos sistemas de información (Presencial)	Tema 1: Conceptos, compoñentes e funcións
Programas de xestión na empresa (Presencial / Virtual)	Tema 2: Xestión de tarefas, contorna de traballo virtual e colaborativa
Procesadores de texto (Virtual)	Tema 3: Tarefas básicas Tema 4: Edición de informes
Follas de cálculo (Virtual)	Tema 5: Tarefas básicas Tema 6: Táboas, datos e gráficos Tema 7: Análise avanzada de datos
Bases de datos e presentacións (Virtual)	Tema 8: Presentacións efectivas Tema 9: Bases de datos
Biblioteca informática (Virtual)	Tema 10: Biblioteca informática

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A13 B12 C1	1	0	1
Sesión maxistral	A10 B2 B3 B4	10	10	20
Prácticas a través de TIC	A10 A13 A31 B2 B3 B4 B8 B9 B12 B13 B14 C1 C3	32	64	96
Foro virtual	B8 B12 C3	0	1.5	1.5



Aprendizaxe servizo	A13 A31 B3 B9 B12 B13 C1 C3	3.5	10.5	14
Traballos tutelados	A13 A31 B3 B9 C1 C3	3.5	10.5	14
Atención personalizada		3.5	0	3.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Enquisa para determinar os coñecementos previos, competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado (Plataforma: Moodle)
Sesión maxistral	Exposición, feita polo docente, dos conceptos básicos necesarios para que o alumnado poida buscar solución aos problemas tratados no programa (Plataforma: Teams -videoconferencia-)
Prácticas a través de TIC	Aprendizaxe a través de actividades de carácter práctico mediante a utilización das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC), favorecendo o desenvolvemento de habilidades por parte do alumnado (Plataforma: Teams -videoconferencia- y Moodle)
Foro virtual	Utilización do foro virtual para propor dúbidas e/ou responder ás preguntas dos compañeiros sobre calquera aspecto relacionado coa materia (Plataforma: Moodle)
Aprendizaxe servizo	Metodoloxía que combina o servizo á comunidade coa aprendizaxe nun único proxecto, no que o alumnado se forma traballando en necesidades reais da súa contorna co fin de melloralas. Propoñeráse ao alumnado matriculado na materia a posibilidade de participar nunha actividade aprendizaxe-servizo con algunha entidade colaboradora. O estudante poderá escoller entre a actividade aprendizaxe-servizo ou o traballo tutelado, é dicir, esta actividade e a seguinte son excluíntes, de tal xeito que o alumnado só realizará unha delas. Polo tanto, o número de horas dedicadas a esta actividade será a suma das previstas para cada actividade, é dicir, 7 horas durante as sesións e 21 horas de traballo autónomo (Plataforma: Teams -videoconferencia-, Moodle e adaptación ás aplicacións requiridas para o servizo á entidade colaboradora)
Traballos tutelados	Tal e como figura na metodoloxía anterior o alumnado pode escoller entre aprendizaxe-servizo e traballo tutelado. No caso do traballo tutelado o alumnado deberá realizar un traballo práctico relacionado con algún contido da materia. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente do alumnado e o seguimento desa aprendizaxe polo docente (Plataforma: Teams -videoconferencia-, Moodle e adaptación ás aplicacións requiridas para o desenvolvemento do traballo práctico)

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados Prácticas a través de TIC	<p>MECANISMOS DE ATENCIÓN PERSONALIZADA AO ALUMNADO</p> <p>CORREO ELECTRÓNICO</p> <p>? De uso cotiá para facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados.</p> <p>MOODLE</p> <p>? Foro de formulación e resolución de dúbidas. A disposición do alumnado en todo momento para iniciar o proceso de formulación e resolución de dúbidas</p> <p>? Difusión de materiais. A disposición do alumnado en función da evolución no contido da materia</p> <p>? Actividades de autoavaliación e avaliación. Na data e no horario acordado</p> <p>TEAMS</p> <p>? Videoconferencias para a realización das sesións expositivas e interactivas. Semanalmente na franxa horaria que ten asignada a materia</p> <p>? Videoconferencias para a atención personalizada. Na data e no horario acordado entre o docente e o estudante/equipo de traballo mediante un correo electrónico previo</p> <p>? Videoconferencias para a realización das actividades de avaliación. Na data e no horario acordado</p> <p>OBXECTIVO DA ATENCIÓN PERSONALIZADA AO ALUMNADO</p> <p>Os equipos formados no marco do aprendizaxe servizo / traballos tutelados terán asignadas sesións de atención personalizada para o seguimento do traballo realizado por cada un dos seus membros e do equipo en conxunto. O calendario das sesións de seguimento se indicará ao longo do curso en función do plan de traballo da materia.</p> <p>Asemade, durante o curso o alumnado poderá empregar as horas de titorías para aclarar dúbidas e cuestións sobre a materia.</p> <p>ALUMNADO QUE SE ATOPE EN CONDICIÓNS DE SOLICITAR O RÉXIME DE ESTUDOS A TEMPO PARCIAL E DISPENSA ACADÉMICA DE EXENCIÓN DE ASISTENCIA.</p> <p>Acordarase ao longo do curso un calendario específico de atención personalizada compatible co plan de traballo da materia e coa súa dedicación, motivo polo cal dito alumnado deberá pórse en contacto co equipo docente da materia antes do 30 de setembro.</p>
---	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A13 A31 B3 B9 C1 C3	Tal e como se comentou no apartado de metodoloxías a actividade "aprendizaxe servizo" e a actividade "traballos tutelados" son excluíntes, polo que o alumnado escollerá entre realizar unha ou outra actividade, de tal xeito que a nota correspondente será a suma da asignada a cada actividade, é dicir un 20% da nota final.	10
Prácticas a través de TIC	A10 A13 A31 B2 B3 B4 B8 B9 B12 B13 B14 C1 C3	Pedirase aos estudantes a entrega de prácticas a través de TIC. Cada unha valorarase sobre 10 puntos e deberá acadar unha puntuación superior ou igual a 4 puntos. Terase en conta a calidade, contidos e puntualidade das entregas que se soliciten ao longo do curso.	80



Aprendizaxe servizo	A13 A31 B3 B9 B12 B13 C1 C3	Tal e como se comentou no apartado de metodoloxías a actividade "aprendizaxe servizo" e a actividade "traballos tutelados" son excluíntes, polo que o alumnado escollerá entre realizar unha ou outra actividade, de tal xeito que a nota correspondente será a suma da asignada a cada actividade, é dicir un 20% da nota final.	10
---------------------	--------------------------------	---	----

Observacións avaliación

O alumnado debe traballar de xeito continuado ao longo do curso, preparar semanalmente as cuestións e os casos prácticos propostos e participar activamente nas discusións promovidos durante as sesións e no foro virtual.

Prácticas a través de TIC. A entrega das prácticas para a súa valoración só poderá realizarse na plataforma Moodle e seguindo as indicacións dadas polo docente.

Aprendizaxe-servizo / Traballos tutelados. Tal e como se comentou no apartado de metodoloxías, a actividade "aprendizaxe servizo" e a actividade "traballos tutelados" son excluíntes, polo que o alumnado escollerá entre realizar unha ou outra actividade, de tal xeito que a nota correspondente será a suma da asignada a cada actividade, é dicir un 20% da nota final.

Alumnado que se atope en condicións de solicitar o réxime de estudos a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia. Seguindo as indicacións normativas, dito alumnado deberá comunicar a súa situación ao equipo docente antes do 30 de setembro. Seguirá o mesmo sistema de avaliación (incluída a participación activa no foro virtual), acordando un calendario específico compatible co plan de traballo da materia e coa súa dedicación.

Cualificación de non presentado.

Aplicará cando o alumnado só participe de actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da nota acadada.

Avaliación da segunda oportunidade. Axustarase ao mesmo esquema previsto para a primeira oportunidade coas seguintes particularidades: As prácticas a través de TIC (80%) desenvolveranse nunha única proba a través de Moodle. O alumnado estará conectado mediante unha videoconferencia en Teams dende o inicio ata o final da proba para as oportunas verificacións por parte do equipo docente. Terase en conta a calidade e contidos da entrega, podendo o docente solicitar a defensa oral de parte da proba. Desenvolverase o traballo tutelado (20%), dado que o proxecto ApS soamente pode levarse a cabo durante a avaliación continua do primeiro cuadrimestre, de xeito individual. A proba e a súa defensa oral, así como a presentación do traballo tutelado terá lugar na data aprobada polo centro para a realización da avaliación da segunda oportunidade. O alumnado que desexe concorrer á segunda oportunidade, deberá contactar co equipo docente antes do inicio do período de exames da segunda oportunidade, para coordinar o calendario de seguimento e entrega do traballo tutelado.

Adianto de oportunidade de avaliación ("avaliación adiantada")

As condicións de avaliación da oportunidade adiantada serán as establecidas para a avaliación da segunda oportunidade, coas seguintes adaptacións:

A proba e a súa defensa oral, así como a presentación do traballo tutelado terá lugar na data aprobada polo centro para a realización da oportunidade de avaliación adiantada. O alumnado que desexe concorrer á avaliación adiantada, deberá contactar co equipo docente antes do inicio do período de exames da avaliación adiantada, para coordinar o calendario de seguimento e entrega do traballo tutelado.

Fontes de información

Bibliografía básica	- Arjonilla Domínguez, S.J.; Medina Garrido, J.A. (2009). La gestión de los sistemas de información en la empresa: teoría y casos prácticos. Madrid: Pirámide Utilizaranse preferentemente os manuais dos programas a utilizar
Bibliografía complementaria	- Lapiedra Alcamí, R.; Devece Carañana, C.; Guiral Herrando, J. (2011). Introducción a la gestión de sistemas de información en la empresa. Valencia: Universitat Jaume I (recurso en liña) - Valentín López, G.M. (2014). Informática básica: sistema operativo, Internet y correo electrónico. Manual teórico. Madrid: CEP (recurso en liña) - Naranjo González, M.R. (2011). Manual Informática de Usuario. Madrid: CEP (recurso en liña)

Recomendacións



Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións
Nesta materia, a entrega das Prácticas a través de TIC realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilas.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías